

# A GAIVOTA

[Michael Mayer, 2018]

# 430

ESTREA EN NUMAX: 31.08.2018 | V.O.S.E. | +7

*The Seagull* (2018, 98')

**Dirección:** Michael Mayer

**Guión:** Cecilia Atán, Valeria Pivato, Martín Salinas

**Elenco:** Annette Bening, Saoirse Ronan, Corey Stoll, Elisabeth Moss, Mare Winningham, Brian Dennehy, Billy Howle, Jon Tenney, Thomas Hettrick, Ben Thompson

**Son:** Gregg Swiatlowski

**Montaxe:** Annette Davey

**Música:** Anton Sanko

**Dirección de arte:** Truman Clark McCasland

**Vestuario:** Ann Roth

**Fotografía:** Matthew J. Lloyd

**Produtoras:** KGB Media, Mar-Key Pictures (Estados Unidos)

**Distribuidora:** La Aventura Audiovisual

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Alata*, 2012

*Graduation*, 2007

*Flicka*, 2006

*Una casa en el fin del mundo*, 2004

## SINOPSE

A inxenua Nina, a veterana actriz Irina Arkádina, o mozo dramaturgo experimental Konstantín Tréplev e o famoso escritor Boris Trigorin deben facer fronte a unha serie de conflitos, tanto románticos como artísticos. Sufrirán o fatal namoramento da persoa inaxeitada. Adaptación da obra teatral de Antón Chéjov.

«Áxil e divertida.  
Todo o reparto está ben  
ou xenial. Impresionante»

Jordan Hoffman, THE GUARDIAN



## “Nas obra de Chéjov non heroes nin tampouco viláns”

Entrevista con Michael Mayer

**A gaivota é unha das obras mestras da historia do teatro. Como comezaches a traballalo para o teu filme?** Obviamente todo comeza polo propio texto. Unha vez que decides que paga a pena trasladar a obra teatral a unha experiencia cinematográfica o primeiro foi pensar quen ía encarnar os papeis principais. Cando tes a sorte de propoñerlle o papel de Irina a Annette Bening e que ela diga que si logo é moito máis doado conseguir alguén para escribir o guión. Neste caso foi Stephen Karam, grande admirador da obra de Chéjov e da propia Bening. O produtor, Tom Hulse, ouvira falar dunha posta en escena d'*A gaivota* hai moitos anos no que o director decidiu comezar a obra polo cuarto acto para logo volver ao comezo. Esa decisión marcouno e ficou na súa mente durante anos, coa idea de producir un filme que reproducise a mesma estrutura. El transmitiume esa idea e puxémonos mans á obra.

**Que outras operacións de edición e posta en escena levaches a cabo na construción da túa película?** Como dixen partimos dun texto teatral, e o cinema ten que ser un medio máis visual ca verbal. O cinema ten unha capacidade de concisión visual da que carece o teatro, co que non foi necesario recurrir

tanto ao texto. Unha das cousas que Stephen [Karam] tiña en mente era facer que a linguaxe empregada fose o máis contemporánea e entendíbel posíbel pero mantendo o seu sentido clásico para nos facer sentir que estamos en Rusia no cambio de século. Outro elemento que ofrece o cinema e non se pode acadar no teatro, ou cando menos non coa mesma efectividade, é a simultaneidade de tempos en distintos espazos. Na obra toda a acción transcorre no mesmo espazo pero a través do guión situamos algunhas escenas no andar superior, no xardín, onda o piano... ofrecendo unha idea de riqueza da vida no lugar.

**Como foron os ensaios e o traballo cos actores?** Tivemos a sorte de poder ensaiar no Belasco Theater de Nova York, que conta cun xigantesco soto. Alí é onde Houdini facía desaparecer os seus elefantes cun elevador xigante. Neste espazo marabilloso lemos todo o texto en alto, falamos sobre el e deste xeito comezamos a nos familiarizar e sentir a gusto entre nós e co proxecto.

**Volvendo a Annette Bening, unha actriz cunha traxectoria moi ampla, que podías ofrecerlle como cineasta novel e que che podía dar ela a ti no proxecto?** Ela é fantástica e preparouse realmente ben ao tempo que estaba aberta a diferentes interpretacións do texto e todos os posíbeis matices que cumpría darlle ao seu personaxe. Canto á outra pregunta, sería cousa de preguntarlle a ela se lle foi dalgún proveito traballar comigo, quero pensar que fun quen de facerlle interesantes

suxestións sobre a dirección que podía tomar o seu personaxe.

**A gaivota conta con múltiples personaxes, todos eles moi ricos, cal deles resoa máis para ti, persoalmente?** Coido que persoalmente co que máis me identifico é con Constantine, de novo o meu soño era ser actor, coido que entendo o personaxe e que todo actor mozo pode identificarse con el, ao igual que toda actriz que estea a dar os seus primeiros pasos sentirá o mesmo con respecto a Nina. Agora, co paso dos anos son unha persoa máis estábel e seguramente me identifique máis co personaxe de Boris Trigorin pois síntome bastante seguro e realizado, especialmente no teatro, onde desenvolve a maior parte do meu traballo. Pero á hora de dirixir o filme tamén me sentín próximo a Masha, o doutor, Nina... é Chejov, por iso é un marabilloso escritor, por dotar os seus personaxes de humanidade, soños, fracasos, optimismo. Nas súas obras non hai heroes nin tampouco viláns.

**Revisaches anteriores adaptacións cinematográficas de Chejov?** Vin a versión d'*A gaivota* de Sidney Lumet (1968) e tamén unha serie de televisión protagonizada por Blythe Danner e Frank Langella (John J. Desmond, 1971), mais sempre sentín que facía falla unha versión definitiva da peza, non significa que a miña a sexa nin que teña nada contra autores coma Lumet, que é sen dúbida un gran cineasta.

Publicado en [grouchoreviews.com](http://grouchoreviews.com)

### NA LIBRARÍA NUMAX

*La gaviota, El tío Vania, Las tres hermanas, El jardín de los cerezos, Anton Chéjov.*  
Cátedra, 2015

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónate  
agora e ven  
sempre por

4€

Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo

Faite  
NUMAX!